



O EXTRATERRESTRE



Era no ano 3075, eu estaba cos meus netos á beira do lume, cando o maior me dixo:

- Avoa, por que non nos contas unha das túas interesantes historias?

- Está ben, contareivos unha que aconteceu hai uns cincuenta anos. Daquela eu era moi nova, había uns cinco anos que nós, os humanos, viñeramos vivir a Marte, pensando que non había outra especie supervivente neste planeta. Cando nos estabamos mudando, eu non estaba moi contenta, porque iámonos trasladar ao lado da miña peor inimiga, así que eu procuraba non cruzarme con ela. Pero o que verdadeiramente ocorreu foi que un día, mentres camiñaba por un solitario bosque, encontreime con un ser estrañísimo: tiña catro ollos, dúas bocas, era de cor amarela e tan pequeno como un rapaz de catro anos; tiña tres antenas na cabeza e meteume un medo tan tremendo que escapei correndo, pero como o chan tiña moitas pedras, caín con tan mala sorte que torcín o nocello.

- Pero, avoa, de verdade que era de cor amarela e tiña catro ollos, non sería unha imaxinación túa?

- Por suposto que non, acaso pensas que túa avoa te está enganando?

- Claro que non, avoa, pero cústame moito crer isto, mais sígueme contando, anda.

- Pois, como ía dicindo, despois de que caera, aquel ser tan sorprendente

achegouse a min e puxo a súa man enriba do meu pé, e de repente iluminouse unha luz transparente que me curou por arte de maxia, pero aínda así eu levanteime e saín correndo. Cando cheguei á miña casa, estaba en fronte María, a miña peor inimiga, que ao verme tan nerviosa preguntoume o que me pasaba; metémonos na miña casa, conteille todo o que me sucedera, e ela dixo:

- Pero de verdade que ocorreu iso, Mónica? Tesllo que dicir á policía, pode ser moi perigoso.

- Eu díxenlle a María que non podíamos ir á policía, pois non nos ían crer.

- E despois que fixeches, avoa?

- Pois, como María non me cría moito o que dicía, uns días despois fomos a aquel bosque para ver ese estraño ser. Cando chegamos alí, non había ninguén, pero de repente, detrás duns arbustos, apareceu ese extraordinario ser e díxonos que non escapáramos, que non era malo, que el estaba alí porque a súa familia estaba a punto de chegar para mar-

char a outro planeta. Eu pregunteille por que me curara e el díxome que fora porque el era pacífico e non quería que os humanos tiveran un mal pensamento dos extraterrestres, e, xusto nese momento, apareceu unha gran nave que transportou o extraterrestre e xamais o volví ver, e o que me quedou claro foi que os extraterrestres existían e non eran malas persoas.

- E, avoa, ti cres que seguirán existindo?

- Pois non o sei, pero espero que si, porque teñen o mesmo dereito cós humanos a vivir e, ademais, esta aventura servíume para descubrir que María non era tan mala persoa como pensaba.

-Ben, avoa, hoxe a túa historia gustoume moito, foi a que máis me agradou de todas as que me levas contando.

- Pois alégrome moito, meu netiño, e espero que aprendeses a non xulgar a xente polo seu aspecto físico.

- Claro que si, avoa, eu non xulgo a xente pola súa aparencia física.

E, nun lugar moi lonxe do planeta Marte, nunha nave, un ancián extraterrestre estáballe contando aos seus netos a primeira e última vez que falara cun ser humano. E dixo:

- Aínda que foran os humanos os que se apoderaron do noso planeta, polo menos descubrín que non todos eran iguais, porque sabía que esas raparigas eran de bo corazón.

VANESSA CABADO FERREIRO, S3B



OUTRA AVENTURA DE EXTRATERRESTRES



A g o r a recordámolo e rimos, pero nese momento pasámolo moi mal, vivimos uns días de moito medo. Xa hai catro anos do sucedido e meu irmán e mais eu recordámolo c o m o unha aventura máis da nosa vida pasada que nunca esqueceremos no futuro e temos sempre presente nos días en que vivimos. Diariamente temos visitas de periodistas:

- Bos días.
- Bos días.
- Tras facer xa catro anos da vosa visita ao espazo, aínda seguimos con dúbidas sobre esa historia. Vouvos facer unha serie de preguntas, en especial a Marga, que é a protagonista. Como foron para vós eses días?
- Eu persoalmente vivinos moi mal, angustiada por non saber do paradiro da miña irmá, con dez anos daquela, xovencísima para estar ela soa nun lugar sen alimento e sen xente para axudala.
- Pois eu fun a máis afectada. Fun a que viviu esa emocionante aventura.
- Agora mesmo, en que estades pensando?

Eu na historia apaixonante que vivimos. Recordo a historia como se estivese agora alí. Un día calquera dun mes calquera do

ano 3000, iamos meu irmán e mais eu no coche:

- Temos que ir rapidamente, que temos pouco tempo. Mira a ver se ves un sitio para aparcar.

- Hai un alí, detrás do coche vermello.

Nese momento meu irmán puxo o intermitente e formouse unha nube de po, sen deixar visibilidade ningunha, e sentiamos mover o coche con bastante forza. Meu irmán e eu abrazámonos.

- Miguel, ique medo!, que pasa?, que nos pasa?

- Non sei, non teño nin idea, xa veremos, ou nin sequera o veremos.

Sentimos que o coche parou e que todo se calmou.

- Que pensastes que era?

- Pois nada, unha bomba ou simplemente un fenómeno atmosférico.

Baixamos do coche e vimos que alí non había nada nin ningún.

- Queda aquí, agora volvo, vou ver que é isto.

Eu quedei coidando do Opel Astra de meu irmán, mentres que el nunca volveu.

- Eu, querida periodista, estaba andando cando aparecín na casa, coa miña familia, menos miña irmá, e expliquei o sucedido.

Eu pensaba no que ía facer, acendín o coche e leveino por todo ese mundo deserto ata que vin unha persoa, se se lle pode chamar así, moi estraña. Achegouse ao coche. Eu pechei as portas e nunca saín ata que un día decidín arriscarme. Aquel ser, moi feo, por certo, deume de comer durante varios días. Ensineille a falar a miña lingua.

- Agora que sabes falar a miña lingua, dime a túa idade, o teu nome, que é isto...

- Teño trescentos corenta e cinco anos. Chámome Lituan e isto é o planeta Marte. Pero dígoche unha cousa, ti cáesme moi ben e sempre te recordarei.

- Penso que nunca vou marchar de aquí, porque non hai forma de facelo.

- Eu non quero que marches. Dígoche un segredo: eu teño pasado pola Terra, vinte e decidín traerte aquí.

- Como? ¡Isto non pode ser! Por que nunca mo dixeches? Non entendo.

- Penso que este é o mellor momento. Enténdeme, eu non sabía falar e non encontraba o momento para dicircho.

- Ben, para dúas persoas que somos, non nos imos levar mal.

- Agora é o día, métete no teu coche e dálle ao intermitente.

- Pero non me quero ir!; na Terra non hai homes coma ti, así de...

- Así de como?

- Así de sinceros, bos e guapos.

- É a túa hora, se non marchas agora, morres. Recórdame todas as noites, mira o ceo e verás ao lonxe unha luz que palpabreza. Alí estarei eu pensando en ti e mandándoches un gran bico.

A verdade, nese momento sentín unha cousa na barriga, como se me gustara Lituan. Collín o coche e, despois da emocionante despedida, deille ao intermitente e aparecín na miña casa, coa miña familia e expliqueilles todo o sucedido.

MARGA LÓPEZ SANDE, S3B